

BAIXO O PESO DA LEI [DOWN BY LAW]

Jim Jarmusch, 1986

557

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 10 e 24 de xullo | V.O.S.E. | +7

Down by Law (1989, 107')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: Tom Waits, Roberto Benigni, John Lurie, Nicoletta Braschi, Ellen Barkin, Billie Neal, Pruitt Taylor Vince

Son: Frank Kern, Drew Kunin

Dirección de arte: Janet Densmore, Roger Knight

Vestuario: Carol Wood

Montaxe: Melody London

Música: John Lurie (Cancións: Tom Waits)

Fotografía: Robby Müller

Produtora: Black Snake, Grokengerger Film Produktion, Island Pictures (EEUU, RFA)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mystery Train, 1989

Down by Law [Baixo o peso da lei], 1986

Estraños no paraíso, 1984

SINOPSE

Zack, Jack e Roberto comparten cela nun cárcere. Zack é un DJ; Jack, un chulo de pouca monta e Roberto, un turista italiano.

PREMIOS E FESTIVAIS

Independent Spirit 1986

(4 nominacións incluíndo mellor filme),

Cannes 1986 (Sección Oficial)

«Un filme magnífico. Unha fermosa, melancólica e desfasada película escapista»

David Denby, THE NEW YORKER



BAIXO O PESO DA LEI [DOWN BY LAW]

Jim Jarmusch, 1986

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Gústame que o espectador sinta o paso do tempo”

Entrevista a Jim Jarmusch

Por Mauricio González

A miúdo se asocia o seu cinema coa melancolía, alienación, tenrura e ironía, que son afeccións de natureza contemplativa e lacónica. Pensou algunha vez realizar unha película a partir de sentimentos máis explosivos, como a rabia? Quero confesar algo: son mal analista do meu propio cinema. Non é por unha cuestión de pedantería, senón porque o exercicio resúltame incómodo e frustrante. Unha das ditas de ir ao cinema é entrar por primeira vez a un mundo descoñecido sen saber o que che espera. A inmersión é total. Como realizador, en cambio, pasas anos coa película na cabeza e varios meses na preproducción, rodaxe e edición. Cando remata o proceso viches o mesmo filme centos de veces en distintas etapas. Chegas a un punto no que es incapaz de conectar, polo que analízalo con sensatez faise imposible. A audiencia ve con máis claridade a película que o seu propio director. Dito isto, tentarei responder da mellor maneira posíbel. Non me vexo filmando algo a partir da ira, por exemplo. A melancolía e o romanticismo son máis interesantes. O aburrimiento dun personaxe parécese máis atractivo que un arranque de furia.

Gústame que o espectador sinta o paso do tempo, polo que uso un estilo mínimo, austero. Algúns críticos sinalan que as miñas películas carecen de trama, e probablemente teñen razón. A vida non ten unha trama: camiñamos e lidamos co que sucede. O meu cinema non ten arranques atolados. Iso non quere dicir que os meus filmes non teñan personaxes con emocións diferentes, pero trato de facelo cunha estética que permita contemplar o ritmo verdadeiro no que se desdobra a existencia, sen folla de ruta. Son unha persoa intuitiva e iso reflíctese nas miñas películas. Tamén son unha persoa que non se toma moi en serio a si mesma. O meu traballo está cheo de humor e espero que a xente o atope divertido. (...) Unha das miñas citas favoritas é de Óscar Wilde: «A vida é demasiado importante como para que a tomemos en serio». Dubido que sexa capaz de dirixir unha peza solemne. Non ten sentido ir en contra da miña voz.

Esa filosofía define tamén a súa estética? Non estou a favor ou en contra dun estilo determinado. Son opcións que un artista decide tomar. Gozo, como calquera, dunha película de edición rápida e cámara en man, pero iso non significa que eu o queira facer. O problema coa forma é que vai da man dunha cuestión xenérica. Os espectadores esperan certos elementos estéticos dunha película de acción, por exemplo. Se non os atopan vanse a sentir decepcionados, máis aló do valor do que viron. (...) Quizais algún día sorprenda a todos e entregue unha película distinta ao que se espera

estilisticamente de min, pero por agora non sentín a urxencia de facelo. Gústame pensar que se poden levar a cabo múltiples variacións dun concepto dentro dun mesmo ton. Godard di que só fixo unha película con múltiples variacións da mesma fonte. Non creo que sexa do todo certo, pero gústame que asuma as variacións como postura creativa.

Penso nunha das súas influencias, Buster Keaton. Dixo que algúns dos personaxes do seu cinema teñen algo de Keaton: un humor seco, enganosamente monótono, que deriva en tristeza. Buster Keaton é o meu heroe. Sempre o levo comigo. Keaton loce pequeno no cadro, é unha presenza fráxil e vulnerable. Sempre temas que morra esmagado. Era un director asombroso. A maior proba do seu talento narrativo está na súa cara. Eliminaba toda emoción do seu rostro e paradoxalmente producía unha sensación chea de sentimento. Non importaba que o perseguisen policías, que estivese atrapado nun barco do que todos escaparan ou se atopase a bordo dunha locomotora sen control, Keaton nunca facía xestos: nunca lle mostraba ao público como se sentía, senón que permitía que a situación fixese o traballo. Como espectador, esta dinámica conmóveme a un nivel moi persoal. Estou preocupado todo o tempo polo que lle poida pasar, precisamente porque non sei como sentirme. Keaton nunca mo di. Sempre estou alerta.

Publicado en letraslibres.com en 2016
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Pack *Jim Jarmusch* Cameo [DVD]

Jim Jarmusch Hilario J. Rodríguez;
Carlos Tejeda. Cátedra, 2014

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

